

**SESIÓN DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE  
DÍA 21/10/2019  
(Extracto en [http: sede.vilagarcia.gal](http://sede.vilagarcia.gal) - transparencia)**

**PRESIDENTE**

ALBERTO VARELA PAZ

Lista de asistentes

TANIA GARCÍA SANMARTÍN  
ARGIMIRO SERÉN MERA  
LINO MOURIÑO SANTIAGO  
LUZ MARIA ABALO PÉREZ  
DIEGO GARCIA SANTIAGO  
JOSE MARIA GONZALEZ ARAUJO  
MATILDE LAYA LORENZO

Na Casa do Concello de Vilagarcía de Arousa, ás 10:40 horas do día 21/10/2019 reuníronse na Sala de reunións, previa a oportuna citación e en segunda convocatoria, as/os señoras/es membros da Xunta de Goberno Local que á marxe se relacionan, co obxecto de levar a efecto sesión .  
Desculpada a ausencia dos concelleiros indicados, e comprobada a existencia de quórum suficiente, queda constituída a sesión e pasan a tratarse os asuntos incluídos na orde do día.

Comprobada a presenza de tódolos membros e polo tanto de quórum suficiente, queda constituída a sesión e pasan a tratarse os asuntos incluídos na orde do día.

**SECRETARIO/A**

MARÍA ROSA LOSADA SUÁREZ

NÚMERO 1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.- A Presidencia abriu o acto, e pola súa orde deuse conta da acta da sesión anterior, de data 14-oct-2019, que se aprobou por unanimidade.

**INTERVENTORA**

TRINIDAD GÓMEZ REIRIZ

**RÉXIME INTERIOR**

**PRP2019/4859**

En relación coas propostas de gasto que se van a tratar na presente Xunta de Goberno Local, comunícase o seguinte:

1) Dáse conta do informe da Intervención Municipal en relación coas propostas de gasto engadidas na Xunta de Goberno Local de 2019. Tendo en conta o límite previsto no artigo 118.3 da Lei 9/2017 de Contratos do Sector Público, para contratos menores que no prazo de 12 meses naturais, illada ou conxuntamente, non poderán superar para un mesmo provedor as contías de 15.000 € para servizos e subministros e 40.000 € para obras.

2) Dáse conta do informe do Órgano de Contratación (Alcaldía), no que se indica que os contratos menores dende o 9 de marzo de 2018, que afectan aos provedores que figuran nos expedientes que se pretenden someter á aprobación da Xunta de Goberno Local de 2019, son os seguintes e cumpren co disposto no apartado primeiro citado:

**a) PROVEDORES QUE CUMPREN OS LÍMITES CUANTITATIVOS DO ARTIGO 118:**

PROVEDOR	CIF	PROPOSTA A APROBAR	DATA XGL	CUMPRE
ASOC. CUL. NOS	G36043933	225,00 €	21/10/2019	SI
ASOC. CULT. MALVEIRAS	G36136679	450,00 €	21/10/2019	SI
BARRERAS DE SEGURIDAD, S.L.	B32204620	3.382,34 €	21/10/2019	SI
CARSER UNIFORMIDAD LABORAL, S.L.	B36944759	1.254,17 €	21/10/2019	SI
CHAVES LOPEZ JOAQUIN F.	35435899Y	4.620,00 €	21/10/2019	SI
COPEDEL, S.L.	B36043743	359,98 €	21/10/2019	SI
DIG-MAR PAPELERIA, S.L.U.	B36300408	2.828,75 €	21/10/2019	SI
FARIÑAS MARTIN, MIGUEL ANGEL	35463612G	4.356,00 €	21/10/2019	SI
GALBAN ZARAGOZA, CARLOS	35449729J	738,98 €	21/10/2019	SI
IMELFA E HIJOS, S.L.	B94012002	5.857,34 €	21/10/2019	SI
PAPERSTORE, S.L.	B70409149	76,94 €	21/10/2019	SI
RENT-A-BRAIN CONSULTORES SECTOR PUBLICO, S.L.U.	B94181963	15.004,00 €	21/10/2019	SI
TELESERV. INSTAL. OFIC.,SL	B36365369	750,68 €	21/10/2019	SI

b) Nos expedientes anteriormente citados non se está alterando o obxecto do contrato coa finalidade de evitar a aplicación das regras xerais de contratación (Lei 9/2017).

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

### **PRP2019/4655**

Dáse conta de solicitude presentada pola Asociación Deportiva Motoclub SQeM para a celebración do Campionato Galego de Trial o día 27 de outubro, e visto o informe da Policía Local, no que se indica:

1. O que se pretende pechar como circuíto son os camiños de Rubiáns (principalmente afecta a Rúa Soutelo, dende a casa de Cultura e o camiño de enlace con A Laxe) ambos teñen casas os lados, polo que causará prexuízos os veciños, que terán o paso das motos o pe da porta, e que non poderán desprazarse cos vehículos.

2. O solicitante manifestou en anos anteriores que teñen o beneplácito das asociacións de Veciños O Souto e de Montes de Rubians, que apoian a celebración e asumen os prexuízos.

3. En anos anteriores tiñan apoio de Protección Civil, e que a organización e os membros de Protección Civil encargábanse de pechar e manter o circuíto pechado, cousa que é imprescindible, xa que as motos son de competición e carecen de Permiso de Circulación e de Seguro Obrigatorio de Automóvil.

4. Igualmente o circuíto polos camiños afectados non é de competición, senón para a organización, e que por eles circularase a vinte quilómetros por hora, o circuíto de competición é na zona de monte, e quedará perfectamente delimitado.

5. Haberá que colocar sinalización de peche nos puntos seguintes:

- Confluencia de Rúa do Corrucho .
- Confluencia de Rúa do Picho .
- Travesía de Rúa Soutelo.
- Confluencia de Rúa Quintero.
- Camiño da Laxe a Soutelo.
- Travesía de Sentín.

6. A organización asumirá a seguridade da proba, facendo especial insistencia na seguridade dos veciños e no peche do circuíto, e advertirá os participantes que nas rúas e camiños de Rubians circularán, unicamente polos tramos pechados pola organización, coa colaboración de Protección Civil e da Asociación de Veciños Souto, e o farán a velocidade de vinte quilómetros por hora, e non farán competicións nin exhibicións nestas rúas.

7. A organización non presentou o seguro de Responsabilidade Civil.

8. En canto o ruído deberán respetalos límites de emisión sonora permitidos, nas normas e Ordenanzas Municipais, nos desprazamentos polas rúas de Rubiáns.

9. A prestación de servizo por parte da Policía Local suporá a ampliación do persoal na quenda de mañán con abono de horas extras.

A Xunta de Goberno Local acorda conceder a autorización solicitada, debendo cumprir as seguintes condicións mínimas:

a. Que a organización asuma a seguridade da proba, facendo especial insistencia na seguridade dos veciños e no peche do circuíto, e advertirá os participantes que nas rúas e camiños de Rubians circularán, unicamente polos tramos pechados pola organización, e o farán a velocidade de vinte quilómetros por hora, e non farán competicións nin exhibicións nestas rúas.

b. Considerase que a actividade debera contar cun seguro de responsabilidade civil que poida cubrir calquera dano derivado da mesma.

- c.- Deberá obedecerlo disposto na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súas emisións sonoras ós límites establecidos na mesma.
- d.- Ademais propónse que durante o desenvolvemento da actividade o solicitante se responsabilice da limpeza do espazo público que ocupe, e unha vez remate deixe a zona nas condicións de limpeza anteriores ó inicio da actividade.
- e.- A ocupación de vía pública para diferentes actividades está gravada con prezo público, polo que, si corresponde deberá abonalo no negociado de Rendas.

### **PRP2019/4718**

Dáse conta do escrito de Dona Marta García Lago (Agencia Klip). A Xunta de Goberno Local acorda autorizarlle a utilización das instalacións de Fexdega para a realización do Salón Arosa Novias (VIII Edición) , os días 2 e 3 de novembro de 2019, debendo axustarse ás seguintes condicións:

Ata dez días despois da comunicación da concesión da solicitude

- Ingreso de mil cincocentos euros, en concepto de aportación económica para o desenvolvemento do evento, na conta da Fundación Fexdega (IBAN ES95-2080-5067-1931-1003-3948), indicando no concepto “Aportación económica para o desenvolvemento do VIII SALÓN AROSA NOVIAS”.

Antes do inicio da montaxe

- Aportarase un compromiso escrito, de xeito pormenorizado, de manter o cumprimento de todas as obrigas precisas para o desenvolvemento do evento, durante todo o período que abrangue o mesmo, e dicir dende a entrada o recinto ata a saída definitiva
- Presentación do plan de autoprotección do evento, firmado por técnico competente e inscrito no REGAPE, onde se dispoñan as actuacións ante as diferentes emerxencias que poden darse durante o evento. Coidarase especialmente a non modificación/supresión dos elementos existentes na instalación. No caso de modificarse/suprimirse algún elemento de seguridade existente na instalación, explicitarase no plan de autoprotección.
- Deberá presentarse a documentación que acredite a contratación do persoal participante no proceso de montaxe/desmontaxe e/ou no desenvolvemento da actividade, ó que se lle porá en coñecemento das normas de seguridade e saúde no traballo que fosen de aplicación, así como da obriga de portar identificación. No caso de voluntarios acreditarase tal condición, mediante declaración xurada.
- Presentación dunha póliza de seguro de responsabilidade civil polos feitos que puideran acontecer nas instalacións durante a actividade coas seguintes características:
  - Garantía principal mínima de 600.000 € a disposición do evento.
  - Deberá cubrir a responsabilidade civil de explotación, locativa e de produto
  - As cláusulas de ámbito territorial e situacional, permitirán sinalar ó recinto Fexdega como espazo onde se desenvolve a actividade.
- Certificación de continuar de alta no IAE e na Seguridade Social
- Certificacións de seguir o corrente das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Administración Autonómica, co Concello de Vilagarcía de Arousa e coa Seguridade Social.

## Antes da inauguración do evento

- Presentación de certificación/s emitida/s por técnico competente, e visada/s polo colexio profesional correspondente de que a montaxe das estruturas necesarias, para o desenvolvemento do evento, está executada de acordo coa lexislación de aplicación garantindo desde xeito a solidez estrutural, estabilidade, idoneidade e demais circunstancias necesarias para a seguridade das persoas e das instalacións. A visita de verificación deberá ser acordada coa suficiente antelación, para que poida contar, si se considerase oportuno, coa presenza de persoal de Fexdega. Si dentro das estruturas, existen instalacións eléctricas, de gas, neumáticas, etc. os certificados de montaxe deberán indicar de xeito explícito que cumpren coa lexislación específica relativa a cada unha delas.
- Presentación da certificación emitida por profesional con competencia na materia que acredite o cumprimento da lexislación relativa a seguridade alimentaria, cando se teñan que manipular alimentos/bebidas no recinto; no caso de que a manipulación estivese a cargo de empresas/persoal que tivese obriga de estar inscrito nos rexistros REGASA ou RGSEAA, deberá acreditar a mesma. Tamén se deberá presentar certificación da aptitude das instalacións implicadas no proceso de elaboración, tanto no seu aspecto alimentario coma técnico.
- Acreditación da cualificación pertinente das persoas que distribúan alimentos ou bebidas precintados en orixe. A devandita documentación ira acompañada dunha listaxe onde se mostre o nome e apelidos, o DNI e unha fotografía actual de cada un dos acreditados.

## Consideracións xerais

- O promotor do evento responsabilizarase da limpeza do espazo que ocupe/use e, rematado o evento, deixará a zona nas condicións de limpeza anteriores o inicio do mesmo
- Cumprimento estrito da lexislación en relación o consumo e venda de bebidas alcohólicas. Os eventos deportivos e os relacionados co público infantil teñen condicións especiais, tales coma a ausencia total de publicidade, imaxes, marcas, logotipos, etc.
- Permanecer en situación de alta no IAE e na Seguridade Social en todo momento, e dicir, dende a presentación da solicitude de espazo ata o remate do desmontaxe.
- Deberá obedecelo disposto na Orde da Consellería de Xustiza relativa os horarios de apertura e peche. Así mesmo, tamén adaptará as emisións sonoras os límites establecidos na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións.
- A publicidade do evento, ou calquera outra cartelería ou similar deberá instalarse nos lugares habilitados para a mesma, de xeito firme e seguro, mantendo un nivel estético axeitado. Antes da súa instalación deberá ser valorada polo persoal de servizo do recinto. Se fose necesario contar con autorización administrativa para a instalación da publicidade, a xestión da mesma correrá por conta do promotor.
- Se o evento non chegase a desenvolverse, por mor de situacións alleas a Fexdega, non procederá a devolución de cantidade algunha.

## **PRP2019/4719**

Vista a proposta da Secretaria Xeral, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por COPEDEL SL, por importe de 359,98 €, correspondente a realización de fotocopia e encadernación de 170 manuais para entrega dende o día 16 de outubro, ás persoas

designadas como Presidentes e Vogais Titulares para as eleccións xerais do día 10 de novembro de 2019, con cargo á partida 920.22199.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

#### **PRP2019/4720**

dáse conta do escrito presentado por Dona Elvira Rey Bustelo, solicitando a instalación dun bolardo ou barreira para impedir o estacionamento á altura do nº 82 da Avda. de Pontevedra para impedir o estacionamento no citado lugar, debido ao perigo que supón para o acceso ás instalacións industriais situadas no citado lugar.

Dáse conta de informe da Policía Local no que se indica que realizada inspección ocular constatase que no seu día houbo un bolardo no pavimento para evitar o referido estacionamento. Dado que se trata dunha vía de titularidade do Ministerio de Fomento (N-640A), a Xunta de Goberno Local acorda remitir o escrito á Unidade de Estradas do Estado en Pontevedra aos efectos oportunos.

#### **PRP2019/4721**

Dáse conta do escrito presentado por Dona Nerea Diz Castro en relación co perigo existente na Rúa do Xogo en dous tramos curvos, e solicita a colocación de espellos para garantir a visibilidade nas zonas citadas.

Dáse conta de informe da Policía Local no que se indica que realizada inspección ocular se aprecia que efectivamente nun dos tramos curvos, concretamente o máis próximo ó nº 33, trátase dunha curva cerrada coa visibilidade restrinxida pola propia configuración da rúa, se ben polas características do trazado o espello solicitado non solventará o problema existente. En relación co outro espello á altura do nº 54, xa hai un espello, e a instalación doutro non se considera imprescindible.

Así mesmo vaise proceder á canalización das cunetas na curva na zona próxima ao número 33, co que se ampliará a calzada e deste xeito a anchura practicable da mesma.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda dar conta á Sra. Diz García e á Valedora do Pobo aos efectos oportunos.

#### **PRP2019/4723**

Vista a proposta do Servizo de Alumeado Público, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por Imelfa e Hijos SL para os traballos de cambio de fornezo de enerxía eléctrica de catro postos exteriores da Praza de Abastos, por un importe total de 5.857,34 € (IVE incluído), con cargo á partida 4312.212.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

#### **PRP2019/4724**

Dáse conta de escrito de dona maria Josefa Crespo Amigo, en representación de Asociación Española contra el Cancer solicitando ocupación de vía pública na Praza de Galicia, para a instalación dunha mesa informativa o día 15, en horario de 10:30 a 14:00 horas.

Dáse conta de informe favorable da Policía Local.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

#### **PRP2019/4725**

Dáse conta do escrito presentado por Asociación Curtas Film Fest, solicitando autorización para celebración dunha feira de artesanía, entre o 31 de outubro e o 3 de novembro, na Rúa Alcalde Rey Daviña, así como a instalación de 3 puntos de corrente eléctrica.

Visto o informe da Policía Local acordase acceder ao solicitado, debendo axustarse ás seguintes condicións:

- Deberá terse en conta que a instalación non impida o uso do mobiliario urbano nin o paso de peóns.
- Deberá aportar póliza de seguros de responsabilidade civil e accidentes para a citada actividade.
- Deberá obedecelo disposto na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súas emisións sonoras ós límites establecidos na mesma.
- Durante o desenvolvemento da actividade o solicitante deberá responsabilizarse da limpeza do espazo público que ocupe, e unha vez remate deixará a zona nas condicións de limpeza anteriores ó inicio da actividade.
- A ocupación de vía pública para diferentes actividades está gravada con prezo público, polo que si corresponde deberá abonalo no negociado de Rendas.

#### **PRP2019/4726**

Dáse conta do escrito remitido polo Instituto Galego da Vivenda e Solo en relación coas áreas de rehabilitación do Concello de Vilagarcía de Arousa e solicitando que coa remisión das propostas de cualificación provisional, que conterán a identificación da persoa ou entidade solicitante, o tipo de actuación, o orzamento protexido e o prazo de execución das actuacións, deberá xuntarse unha certificación municipal do cumprimento dos requisitos esixidos polo Real Decreto 106/2018, do 9 de marzo, referida ás actuacións, aos edificios, ás vivendas, así como ás persoas ou entidade beneficiarias, polo que remiten o modelo do certificado que se deberá presentar.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda remitir a documentación á Xerencia de Urbanismo para a correspondente cumprimentación.

#### **PRP2019/4728**

Vista a proposta da Concellería de Urbanismo, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por PAPERSTORE SL para o subministro dunha calculadora Casio FR620 Tec para o Servizo de Urbanismo, por un importe total de 76,94 € (IVE incluído), con cargo á partida orzamentaria 150.213.

Lémbrase ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

#### **PRP2019/4730**

Vista a proposta da Policía Local, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por Barreras de Seguridad SL para o subministro de material para mellora de sinalización de limitación de velocidade e sinais de anuncio nas vías urbanas de titularidade municipal, dos controis de velocidade frecuentes (11 paneis rectangulares de 60x90 cm reflexiva RA3 amarelo fluor, 11 postes de 80x40x2 e 3,5 mt., 22 sinais circulares de 50 cm R-301 "50"

reflexiva en EG (Nivel 1), 22 postes de 80x40x2 e 3 mt.), por un importe total de 3382,34 € (IVE incluído), con cargo á partida 132.22108.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

#### **PRP2019/4731**

Dáse conta do escrito presentado por D. José Luis Blanco Rey en relación con danos e molestias ocasionados polas bandas redutoras existentes fronte á súa vivenda, en Camiño de Abaixo nº 25, Trabanca Badiña.

Dáse conta de informe da Policía Local.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda que se proceda á retirada das bandas redutoras colocadas.

Dar conta á Policía Local e Servizo de Sinalización.

#### **PRP2019/4732**

Dáse conta da queixa formulada por D. Miguel Cesar Daponte en relación con danos sufridos na súa propiedade como consecuencia do tráfico na súa propiedade, na Rúa Quintana, con motivo do tráfico.

Visto o informe da Policía Local, a Xunta de Goberno Local acorda que se proceda a realizar as seguintes actuacións:

- Reposición de bandas redutoras na calzada acompañando con sinalización vertical (P-15a) á altura da marquesiña para reducir a velocidade de aproximación á curva.
- Reposición de sinal vertical de velocidade máxima 50 (xa que a anterior foi arrancada nun dos sinistros diante do muro do número 45) R-301.
- Colocación de sinal vertical P-13B de "Curva perigosa á esquerda".

Dar conta á Policía Local e Servizo de Sinalización.

#### **PRP2019/4776**

Vista a proposta do Servizo de Turismo, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por Teleservicio Instalaciones de Oficina SL para o subministro dunha cadeira para o citado Servizo, para a substitución da actual que se atopa deteriorada, por un importe total de 351,38 € (IVE incluído), con cargo á partida 432.215.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

#### **PRP2019/4785**

Dáse conta de informe da Policía Local no que se indica que motivo das obras de Humanización da Rúa Cervantes de Carril vaise a levar a cabo a construción de beirarrúa fronte ao número 18, polo que o garaxe do citado inmovible quedaría inutilizable durante catro días, dous días para facer a obra e dous días para fraguado, sendo o usuario de dito garaxe D. Constantino Juan Silva García.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda comunicar ao Sr. Silva García que non pode entrar e sair co seu coche no garaxe da vivenda situada na Rúa Cervaners nº 18 durante catro

días, (22, 23, 24 e 25 de outubro) co fin de poder levar a cabo as obras citadas, podendo deixar o vehículo no exterior, nunha zona non afectada polas obras.

#### **PRP2019/4789**

Dáse conta de Sentenza 225/2019 do Xulgado do Contencioso Administrativo nº 2 de Pontevedra ditada no Procedemento Ordinario 20/2019, que desestima o recurso interposto pola Comunidade de Montes Veciñais en Man Comun de Guillán contra a resolución de 8 de novembro de 2018 do Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común, que desestimaba o recurso de reposición contra a resolución de 25 de febreiro de 2016 que acordou non clasificar o monte Outeiro a favor dos veciños da Comundiade de Montes Veciñais en Man Común de Guillán, con imposición de costas nunha contía máxima de 500 €.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

### **BENESTAR SOCIAL**

#### **BENESTAR SOCIAL**

#### **PRP2019/4825**

Dáse conta da sinatura do convenio nominativo para a concesión dunha subvención á Entidade Alcer-Pontevedra, por un importe de 500,00 €, con cargo á partida 231.48002, para subvencionar o desenvolvemento de actuacións e intervencións encamiñadas á sensibilización en relación á enfermidade do ril crónica, así como á atención integral a persoas afectadas e a súa contorna durante o ano 2019.

### **EMPREGO**

#### **PRP2019/4760**

Dáse conta de resolución do Servizo de orientación e Promoción Laboral, Sección Obradoiros de Emprego, de Vigo, de concesión de subvención para o Proxecto de Obradoiro de Emprego FORME 19, coas seguintes características:

Número de participantes:20

Duración do proxecto: 9 meses

Data de previstas: 1/12/2019 a 31/08/2020

Subvención concedida: 336.446 € e 28.500 € para incentivos á contratación, se é o caso.

Especialidades e número de alumnos:

- Atención sociosanitaria a persoas no domicilio (certificado de Profesionalidade SSCS0108) 10 alumnos/as
- Pintura decorativa en construción (Certificado de Profesionalidade EOCB0110) 10 alumnos/as.

O persoal que debe propoñerse é Director/a, Titor/a con contratos a tempo completo e Expertos docentes para cada unha das especialidades, con contratos de xornada completa no caso de especialidade de Pintura, e dous/dúas expertos/as a tempo parcial (20 horas) para a especialidade de atención sociosanitaria a domicilio, durante a duración do proxecto. (9 meses).

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda designar a Dona M<sup>a</sup> Jesús Fole Gómez-Ricoy e Dona Sonia Santos Castiñeira como representantes do Concello no Grupo de Traballo mixto Concello/Xunta, que realizará a selección do persoal e alumnado do proxecto, e de D.



Ricardo Pichel Prego e Dona Iria Camba Rey como suplentes para a selección de alumnos/as nas especialidades anteriormente expostas.

#### **PRP2019/4761**

Dáse conta de escritos do Director do Obradoiro de Emprego LABORA XOVE 2019, que ten unha duración de 30/09/2019 a 29/03/2020, solicitando a aprobación do calendario laboral e das normas de Réxime Interior, como ferramenta necesaria para a organización interna do obradoiro. Vista a proposta da Concellería de Promoción Económica, a Xunta de Goberno Local acorda a aprobación da proposta de vacacións pactada polos traballadores do Obradoiro (11 días de vacacións, segundo a lexislación laboral), así como as normas do Réxime interior presentado pola Dirección do Obradoiro, para ser utilizado como ferramenta de organización do mesmo.

#### **PRP2019/4762**

Dáse conta de informe da Técnica de Promoción de Emprego en relación co resultado da xustificación final da subvención TR351A 2019/14-5 SALVAMENTO E SOCORRISMO 2019 P. COOPERACIÓN

Dáse conta do certificado fin do servizo onde se reseña a cantidade subvencionada e ingresada pola Consellería de Economía, Emprego e Industria, a cantidade xustificada polo Concello e o remanente que debe ingresarse na conta do Tesouro da Xunta de Galicia:

Subvención	ingresada	pola	Administración:	24.000	€€
Subvención	xustificada	polo	Concello:	23.737,98	€

Diferenza (remanente): 262,02 €.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda a devolución de ingresos a favor do Tesouro da Xunta de Galicia, polo importe citado de 262,02 €

Dar conta á Tesourería Municipal.

#### **PRP2019/4763**

Vista a proposta do Director do Obradoiro de Emprego “Labora Xove 2019”, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por Carser Uniformidad Laboral SL para o subministro de vestiario para o alumnado e docente da Especialidade de Socorrismo, (parkas, pantalóns, sudaderas, camisetas, mochilas) por un importe total de 1.254,17 € (IVE incluído), con cargo á partida 2412.22199.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

## **EDUCACIÓN, SANIDADE E MERCADOS**

### **EDUCACIÓN**

#### **PRP2019/4764**

Vista a proposta da Directora do Conservatorio Profesional de Música, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o gasto por un importe máximo de 300,00 € (IVE incluído) para a renovación do dominio www.clasclas.com ata novembro de 2021 na plataforma WIX.COM, da Empresa Wix.com Ltd e a renovación do aloxamento da web ata novembro de 2020, con cargo á partida 3261.22799.

Acórdase así mesmo a provisión de fondos polo citado importe a favor da Concelleira Dona Luz M<sup>a</sup> Abalo Pérez para o aboamento, mediante tarxeta bancaria do Concello do importe do dominio e aloxamento da web da páxina do festival [www.clasclas.com](http://www.clasclas.com) na plataforma Wix.com Ltd.

#### **PRP2019/4765**

Vista a proposta da Directora do Conservatorio Profesional de Música, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por D. Carlos Galbán Zaragoza (Duendo Instrumentos Musicales) para o subministro de partituras, libros e material funxible musical para o Conservatorio Profesional de Música, por un importe total de 738,98 € (IVE incluído), con cargo á partida 3261.22001.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

### **MERCADOS**

#### **PRP2019/4768**

Dáse conta do escrito presentado por Dona Rosalía Baamonde Osorio, en representación de Vendedoras Ambulantes de Flores- Vilagarcía, en relación coa instalación dunha carpa para venda de flores os días 29, 30 e 31 de outubro e 1 de novembro con motivo da celebración da festividade de Tódolos Santos.

Vistos os informes obrantes no expediente, a Xunta de Goberno Local acorda conceder autorización para a instalación da carpa solicitada destinada as vendedoras con concesión de posto de flores no mercadillo, ás vendedoras campesiñas de flor de colleita propia da praza de abastos, así como ás floristas da praza de abastos, debendo poñerse en contacto co Xefe de Mercados para fixar a situación da mesma a fin de que non interfira na celebración do mercado e determinar a colaboración municipal a prestar.

#### **PRP2019/4766**

Dáse conta da solicitude de D. Raul Alba Casal, de cambio de titularidade do posto nº 17 da zona H, postos exteriores da Praza de Abastos de Vilagarcía de Arousa, a favor do seu fillo D. Raul Alba González, por motivos de xubilación.

Visto o informe do Xefe de Mercados e de conformidade co disposto no Artº 19 do Regulamento de Mercados, a Xunta de Goberno Local acorda acceder ó solicitado, debendo estar en posesión de toda a documentación que lle acredite para exercer a venda na Praza de Abastos.

#### **PRP2019/4767**

Dáse conta da solicitude de Dona Silvia Beatriz Garrido Sain, solicitando información en relación coa posibilidade de adquirir en transferencia os postos nº 1 e 2, exteriores da Praza de Abastos de Vilagarcía de Arousa, e o cambio de actividade para a venda de empanadas, arxentinas, pizzas, pastas frescas, conxeladas, pizzas en porcións e produtos arxerntinos varios.

Dáse conta do informe do Xefe de mercados no que indica que o Regulamento de Mercados contempla que nos postos exteriores adosados á Praza de Abastos se permite a venda de artigos non alimenticios, ou venda de produtos alimenticios, excepto venda de mariscos, pescados e carne en fresco.

Así mesmo con respecto á instalación de dous fornos eléctricos, unha neveira e estanterías para expoñer os produtos, sería preciso que un informe técnico valorara a idoneidade destas

instalacións coa infraestrutura que ten o posto.

Visto o informe do Xefe de Mercados a Xunta de goberno Local acorda comunicarlle que se podería autorizar a actividade solicitada, debendo previamente informar sobre a idoneidade coa infraestrutura existente (electricidade, etc.)

Dar conta á Xerencia de Urbanismo aos efectos oportunos.

## **SANIDADE**

### **PRP2019/4837**

Dáse conta de proposta do Concelleiro Delegado de Cemiterios informando do desplome das lousas de pedra das cabeceiras dos bloques de nichos do Cemiterio Municipal de Vilagarcía de Arousa, tanto nos bloques de recente construción como nos bloques de mais de 20 anos.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

### **PRP2019/4716**

Dáse conta da solicitude de D. Manuel Ouso Prego, de expedición de permiso municipal de condutor ó seu favor, para conduci-lo vehículo adscrito á licenza de Taxi nº 3. Visto o informe técnico e a documentación presentada, acórdase acceder ó solicitado.

Comunícase que a vixencia deste permiso municipal de condutor se atopa supeditada a que o titular presente no Concello alta na seguridade social ou recibo de autónomos correspondente ao derradeiro mes.

## **POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE**

### **CONSUMO**

#### **PRP2019/4770**

Dáse conta se Setnenza firme nº 213/2019, ditada polo Xulgado do Contencioso Administrativo nº 2 de Pontevedra en autos do Procedemento Abreviado nº 245/2018, na que se desestima o recurso presentado por Dona Dolores Romero Fontán e motivado pola reclamación de responsabilidade patrimonial presentada pola mesma debido a unha caída na Avda. Doutor Tourón o día 13/06/2017.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

#### **PRP2019/4772**

Dáse conta da reclamación formulada por D. Manuel L. Silva Constenla, en nome de D. Juan Manuel Gómez Padín que solicita a reparación dos danos causados no vehículo con matrícula PO8712AY, como consecuencia das labores de desbroce que se estaban a realizar o día 15 de xullo de 2019 na rotondo de O Sixto, por operarios municipais.

A Xunta de Goberno Local visto o informe do Responsable do Servizo de Medio Ambiente acorda estimar a reclamación e o recoñecemento de obrigação a favor de D. Juan Manuel Gómez Padín, polo importe de 286,56 €, con cargo á partida 929.22699, condicionado á previa presentación da factura de reparación dos danos que conste como pagada.

#### **PRP2019/4773**

Dáse conta da reclamación formulada por Dona Maria Dolores Reiriz Rodríguez polos danos sufridos o día 4 de abril de 2019, cando, segundo a súa manifestación, cae ao meter a perna

nunha arqueta de saneamento que cedeu ao pisala na Rúa Ramón Cabanillas.

Dáse conta do informe do Xefe de Emerxencias no que se indica que desprazado ao lugar para comprobar a veracidade dos feitos, comprobaron que todas as arquetas da rúa tiña a tapa no sitio, non observando ningunha anomalía.

Vistos os informes emitidos, a Xunta de Goberno acorda desestimar a reclamación porque non queda acreditada a responsabilidade municipal, xa que á vista da documentación aportada pola propia reclamante así como dos informes obrantes do expediente, non se pode establecer un nexo de causalidade suficiente e adecuado entre a caída da reclamante e un funcionamento anormal do servizo público.

#### **PRP2019/4774**

Dáse conta da reclamación formulada por D. Sergio Fernández Vilas polos danos sufridos o día 8 de abril de 2019, cando, segundo a súa manifestación, circulando pola Rúa Poto do Río, o vehículo matrícula 5981KRB sofre danos ao pasar por enriba dunha arqueta sen tapa..

Dáse conta do informe do Xefe de Emerxencias no que se indica que realizada inspección ocular no citado lugar comprobouse que existen pequenas bolsas de auga pero con todas as tapas nas arquetas correspondentes, non observando ningunha anomalía.

Vistos os informes emitidos, a Xunta de Goberno acorda desestimar a reclamación porque non queda acreditada a responsabilidade municipal, xa que á vista da documentación aportada pola propia reclamante así como dos informes obrantes do expediente, non se pode establecer un nexo de causalidade suficiente e adecuado considerando que non existe ningunha anomalía fóra dos parámetros da racionalidade e que supoña un funcionamento anormal do servizo público.

#### **PRP2019/4775**

Dáse conta da reclamación formulada por Dona María Sandra Aboyo González polos danos sufridos no seu vehículo matrícula 1234KJT, cando segundo a súa manifestación, tendo o vehículo aparcado detrás do Campo de Fútbol de A Lomba atopa desperfectos na porta traseira dereita producidos por desbroce dunha finca.

Dáse conta do informe do Servizo de Medio Ambiente no que se indica que non se ten constancia de que se produciran danos en ningún vehículo mentras se realizaron as labores de desbroce. Ademais a zona estivo sinalizada coa prohibición de aparcar mentras se levaron a cabo os traballos.

Vistos os informes emitidos, a Xunta de Goberno acorda desestimar a reclamación porque non queda acreditada a responsabilidade municipal, xa que á vista da documentación aportada pola propia reclamante e dos informes obrantes no expediente, non se pode establecer un nexo de causalidade suficiente e axeitado entre os danos reclamados e un funcionamento anormal dun servizo público.

#### **SPAD**

##### **PRP2019/4827**

Dáse conta da publicación no DOG 184, de 16 de setembro 2019, a convocatoria para a concesión de subvencións en réxime de concorrencia competitiva para o cofinanciamento de proxectos de prevención de condutas adictivas promovidos por concellos, mancomunidade de concellos ou agrupacións de concellos da Comunidade Autónoma de Galicia. O prazo de presentación de solicitude é dun mes, rematando o día 28 de outubro de 2019.

Dáse conta do proxecto de actuación deseñado polo Servizo Preventivo Asistencial de

Drogodependencias, promovido por unha agrupación de concellos (Cambados, Meis, Ribadumia e Vilagarcía de Arousa) que será realizado durante o período subvencionable do 1 de xullo de 2019 ata o 30 de xullo de 2022, cunha contía total de 210.250,98 €.

A Xunta de Goberno Local acorda solicitar subvención ao abeiro da citada convocatoria, coa seguinte desagregación:

- Importe total do proxecto. 210.250,98 €
- Subvención solicitada á Consellería de Sanidade: 151.000,98 €
- Cantidade a aportar os concellos: 59.250,00 €

## **CULTURA**

### **PRP2019/4777**

Vista a solicitude de D. José Angel Carbajal Abal, membro do Grupo da Mesa das Verbas, e a proposta da Concellería de Cultura, acórdase autorizarlle o uso da Sala de Conferencias do Auditorio Municipal, o día 22 de novembro, en horario de 20:00 a 22:00 horas, para a presentación do seu poemario ÓNICE, debendo asegurarse do cumprimento das normas establecidas para a utilización da citada instalación municipal de conformidade co establecido no Regulamento de Uso e Funcionamento das Instalacións Culturais Municipais (BOP 29-09-2017) e que figura publicada na web municipal.

Deberá aportar póliza de responsabilidade civil e sinistros, así como copia compulsada do último recibo aboado, con 72 horas de antelación ao día solicitado.

Acórdase a exención do prezo público de conformidade co establecido no Artigo 4.2 da Ordenanza Fiscal nº 43 reguladora da prestación de servizos e utilización do auditorio e outras instalacións do Concello.

Sinalarlle, así mesmo, que será a cargo da entidade solicitante ou organizadora calquera tipo de taxa ou imposto da Sociedade Xeral de Autores (SGAE), así como os permisos necesarios segundo a Lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, que puidese corresponder por esta actividade.

Así mesmo comunícaselle que será responsabilidade do solicitante o control de aforo da sala solicitada.

### **PRP2019/4778**

Vista a solicitude de Dona Daisy Alcalde Monteagudo, en representación de O Soño de Lilith, e a proposta da Concellería de Cultura, acórdase autorizarlle o uso do Salón García, o día 29 de novembro, en horario de 20:00 a 23:00 horas, para a celebración dun simposio-faladoiro sobre periodismo con perspectiva de xénero e o papel das mulleres neste eido, debendo asegurarse do cumprimento das normas establecidas para a utilización da citada instalación municipal de conformidade co establecido no Regulamento de Uso e Funcionamento das Instalacións Culturais Municipais (BOP 29-09-2017) e que figura publicada na web municipal.

Deberá aportar póliza de responsabilidade civil e sinistros, así como copia compulsada do último recibo aboado, con 72 horas de antelación ao día solicitado.

Acórdase a exención do prezo público de conformidade co establecido no Artigo 4.2 da Ordenanza Fiscal nº 43 reguladora da prestación de servizos e utilización do auditorio e outras instalacións do Concello.

Sinalarlle, así mesmo, que será a cargo da entidade solicitante ou organizadora calquera tipo de taxa ou imposto da Sociedade Xeral de Autores (SGAE), así como os permisos necesarios segundo a Lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas

de Galicia, que puidese corresponder por esta actividade.

Así mesmo comunícaselle que será responsabilidade do solicitante o control de aforo do salón autorizado (neste caso 247 butacas).

#### **PRP2019/4779**

Vista a solicitude de D. Germán Manuel Torres de Aboal, en representación do grupo Mesa das Verbas, e a proposta da Concellería de Cultura, acórdase autorizarlle o uso do Salón García, o día 20 de novembro, en horario de 20:00 a 22:00 horas, para a presentación da revista ANACO 2, debendo asegurarse do cumprimento das normas establecidas para a utilización da citada instalación municipal de conformidade co establecido no Regulamento de Uso e Funcionamento das Instalacións Culturais Municipais (BOP 29-09-2017) e que figura publicada na web municipal. Deberá aportar póliza de responsabilidade civil e sinistros, así como copia compulsada do último recibo aboadado, con 72 horas de antelación ao día solicitado.

Acórdase a exención do prezo público de conformidade co establecido no Artigo 4.2 da Ordenanza Fiscal nº 43 reguladora da prestación de servizos e utilización do auditorio e outras instalacións do Concello.

